

HISTÓRICO DE TAXAS DO MESTRADO EN LITERATURA, CULTURA E DIVERSIDADE DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (UDC)

Mestrado en Literatura Cultura e Diversidade									
Taxas	Memoria (propostas)	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018	Obxectivo PE 2020
Taxa de éxito	-	100%	100%	98,4%	98,2%	-	99%	96,4%	>80%
Taxa de rendemento	-	96,7%	95,7%	96,6%	84,2%	-	69,7%	67,7%	-
Taxa de eficiencia	80%	100%	100%	97,2%	96%	-	100%	95%	>95%
Taxa de graduación*	70%	84,6%	76,5%	100%	50%	-	40%	19%	40%
Taxa de abandono	<20%	-	-	7,7%	11,8%	-	16,7%	sd	<15%

(*) A taxa calculada nun curso académico correspóndese co curso anterior do mestrado.

ANÁLISE DAS TAXAS DA TITULACIÓN - CURSO 2017/18

No curso 2017-18, e ao igual que acontecera nos cursos anteriores, cómpre subliñar que a **taxa de éxito (96,4%)** e a **taxa de eficiencia (95%)** se mantiveron en valores moi altos; mesmo, a taxa de eficiencia presenta un valor semellante (95%) e a taxa de éxito un valor moi superior á proxección (80%) que se presentan como obxectivos do PE 2020.

A **taxa de rendemento**, sen chegar aínda aos valores acadados nos primeiros anos de funcionamento do MLCD (onde oscilou entre o 84% e o 96%), mantense no nivel de recuperación iniciado no curso 2016/17 (69,7%) tras o ano de suspensión do Mestrado (curso 2015/16) cando non se puido ofertar por estar inmerso nun plano de viabilidade. Así, a taxa de rendemento do curso 2017/18 foi do **67,7%**, resultado que indica unha mínima variación a respecto dos resultados do curso anterior.

Fronte a estes datos, pode resultar de entrada moi chamativa a baixa **taxa de graduación (19%)** deste curso 17/18, inferior á de cursos anteriores e, mesmo, á do curso 2016/17 (onde foi do 40%), e tamén inferior á prevista na Memoria de Verificación (20%) e tamén á prevista nos Obxectivos PE 2020 (40%). A explicación deste descenso tan acusado na taxa de graduación hai que procuralo, ao igual que acontecera no curso anterior, en circunstancias extra-académicas, en concreto, na convocatoria de oposicións ao ensino secundario, unha das saídas laborais máis claras para as persoas egresadas das nosas titulacións de Filoloxía. Neste curso 17/18 unha grande parte do alumnado matriculado no MLCD concorreu ás probas convocadas o que impediu, sobre todo, que presentasen os Traballos de Fin de Mestrado e, que por tanto, finalizasen os seus estudos.

Ao mesmo tempo, cómpre sinalar que se consolida o perfil de alumnado que non se dedica só ao traballo académico. No grupo hai unha elevada porcentaxe que compatibiliza os seus estudos con outros traballos, incluída a docencia noutros niveis educativos e que se evidencia nas matriculas a tempo parcial (25% do alumnado matriculado por primeira vez e case o 30% do alumnado total) e as solicitudes de dispensa académica. Estas circunstancias condicionan as posibilidades de conseguir a graduación nun só curso de modo que, na práctica, e como xa acontecera o ano anterior, este grupo de estudantes organiza o seu traballo para cursar o MLCD ao longo de dous cursos académicos.



Taxa de éxito

Definición

Relación porcentual entre o número de créditos superados polos/as alumnos/as matriculados/as nun título nun curso académico X entre o número de créditos presentados a exame polo total do alumnado matriculado no título nese curso académico X.

Momento do cálculo

TÍTULOS DE GRAO: a partir do 31 de decembro (encerramento do curso académico)

TÍTULOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO: primeira quincena de outubro

Obtención

Divídese o número total de créditos superados polo alumnado matriculado nun título nun curso académico X entre o número total de créditos presentados a exame polo total do alumnado matriculado nese título nese mesmo curso académico X por cen.

Taxa de rendemento

Definición

Para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U e o número total de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U.

Momento do cálculo

TÍTULOS DE GRAO: a partir do 31 de decembro (encerramento do curso académico)

TÍTULOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO: primeira quincena de outubro

Obtención

$(\sum N^{\circ} \text{ de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U no curso académico X} / \sum N^{\circ} \text{ de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U no curso académico X}) * 100.$



Taxa de eficiencia

Definición

Relación porcentual entre o número total de créditos en que deberon matricularse os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G para superaren o título T na Universidade U e o total de créditos en que efectivamente se matricularon os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G nun título T na Universidade U.

Momento do cálculo

TÍTULOS DE GRAO: a partir do 31 de decembro (encerramento do curso académico)

TÍTULOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO: primeira quincena de outubro

Obtención

$(\sum \text{N}^\circ \text{ de créditos que deberían ser matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G} / \sum \text{N}^\circ \text{ de créditos efectivamente matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G}) * 100.$

Taxa de graduación

Definición

Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C que superan, no tempo previsto máis un ano, os créditos conducentes a un título T nunha Universidade U e o total dos estudantes de novo ingreso da mesma cohorte C en dito título T na Universidade U.

Momento do cálculo

TÍTULOS DE GRAO: a partir do 31 de decembro (encerramento do curso académico)

TÍTULOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO: primeira quincena de outubro

Obtención

$(\text{N}^\circ \text{ de alumnos dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U que consiguen finalizar o título no tempo previsto} + 1 / \text{N}^\circ \text{ de alumnos de novo ingreso dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U}) * 100$



Taxa de abandono

Definición

Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C que superan, no tempo previsto máis un ano, os créditos conducentes a un título T nunha Universidade U e o total dos estudantes de novo ingreso da mesma cohorte C en dito título T na Universidade U.

Momento do cálculo

TÍTULOS DE GRAO: a partir do 31 de decembro (encerramento do curso académico)

TÍTULOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO: primeira quincena de outubro

Obtención

$(N^{\circ} \text{ de alumnos dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U que consiguen finalizar o título no tempo previsto } +1 / N^{\circ} \text{ de alumnos de novo ingreso dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U}) * 100$

Observacións

A columna vertical indica o curso en que se calcula esta taxa. O valor, no entanto, correspóndese co curso X-2, isto é, se o curso académico é o 2014-2015, a taxa de abandono recollida é a do curso 2012-2013.